

## IN421Q - Axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III) - 2021-2023

**Prazo de solicitude:** ata o 02/01/2024

### Obxecto

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria das axudas correspondentes ás anualidades 2021-2023 para a concesión das subvencións correspondentes ao programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III) de acordo coas bases reguladoras previstas no Real Decreto 266/2021, do 13 de abril, polo que se aproba a concesión directa de axudas para a execución de programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia Europeo.

Convócanse axudas para as seguintes actuacións:

**Programa de incentivos 1.** Adquisición de vehículos eléctricos «enchufables» e de pila de combustible (en diante, Adquisición de vehículos eléctricos).

**Programa de incentivos 2.** Implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos.

Características da axuda

Segundo establece o anexo III do Real Decreto 266/2021, as contías das axudas serán as seguintes:

Motorización	Categoría	Autonomía en modo de funcionamento eléctrico (km) segundo ciclo WLTP	Límite prezo venda vehículo (€) sen IVE ou IGIC	Axuda	
				Sen achatarramento	Con achatarramento
Pila de combustible (FCV, FCHV)		-	-	4.500€	7.000€
PHEV, EREV, BEV	M1	Maior ou igual de 30 e menor de 90	45.000 (53.000 para vehículos BEV de 8 ou 9 prazas)	2.500€	5.000€
PHEV, EREV, BEV, Pila combustible	N1	Maior ou igual de 30	-	7.000€	9.000€
	L6e	-	-	1.400€	1.600€
	L7e	-	-	1.800€	2.000€
BEV	L3e, L4e, L5e, con P ≥ 3kW	Maior ou igual de 70	10.000	1.100€	1.300€

### Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarios os suxeitos que se enumeran no artigo 11.1 do Real decreto 266/2021 sempre que teñan a súa residencia fiscal ou un establecemento permanente no territorio da comunidade autónoma de Galicia (para o Programa de incentivos 2 considerase que se cumpre este requisito se a actuación subvencionada se desenvolve no territorio da comunidade autónoma de Galicia).

En concreto, os seguintes:

1º. As persoas físicas que desenvolvan actividades económicas, polas que ofrezan bens e/ou servizos no mercado, en cuxo caso haberán de estar dados de alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2º. As persoas físicas maiores de idade, a excepción dos casos de discapacidade, que poderán ser menores de idade, con residencia fiscal en España e non incluídas no anterior punto.

3º. As comunidades de propietarios, reguladas pola Lei 49/1960, de 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, que haberán de cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e en particular, co establecido no seu artigo 11.3.

4º. As persoas xurídicas, validamente constituídas en España no momento de presentar a solicitude, e outras entidades, con ou sen personalidade xurídica, cuxo número de identificación fiscal (NIF) comece polas letras A, B, C, D, E, F, G, J, R ou W. Tamén serán elixibles as entidades de conservación de polígonos ou sociedades agrarias de transformación cuxo NIF comece por V.

5º. As entidades locais, conforme o artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o sector público institucional de calquera Administración pública a que se refire o artigo 2.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sempre que non exerzan actividades económicas polas que ofrezan bens e servizos no mercado en cuxo caso se considerarán incluídas no anterior ordinal 4º.